

## ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN AVINZA GDR 15 DO 17 DE XULLO DE 2014

No salón de actos do Fogar do Maior de Allariz, situado no Campo da Barreira, 3, Allariz, cando son as 19:49 horas do día 17 de xullo de 2014, previamente convocados, reuníronse os Sres/as abaixo relacionados baixo a presidencia de D. Francisco García Suárez a fin de celebrar a sesión ordinaria da Asemblea Xeral da Asociación Avinza GDR 15 para tratar os asuntos que a continuación se recollen como orde do día.

REPRESENTANTE	ENTIDADE	
Manuel Míguez	CCMMVVMC Penamá 16	Allariz
Manuel Míguez en representación de Luís Nogueiras	Asociación de Gandeiros de Penamá	Allariz
Diego Quintas Ramos	AAVV Coedo	Allariz
Rosa María Pereira en representación de David Pereira Vázquez	Asoc. Agrogandeiros da Bola	A Bola
Rosa María Pereira	Asoc. Mulleres Rurais de Sorga	A Bola
Rosa María Pereira en representación de Javier Seara Fernández	Asoc. Deportiva, Cultural e Xuvenil da Bola	A Bola
Juán Álvarez Losada	Sociedade Cooperativa de Exp. Comunitaria da terra de Foncuberta Sociedade cooperativa Galega	Maceda
Pedro Iglesias Hermida	Tecor Sociedade de Caza de Baños de Molgas	Baños de Molgas
Eladi Cid Babarro	CCMMVVMC Xunqueira de Ambía	Xunqueira de Ambía
José Manuel Fernández	CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ	
Francisco García Suárez	CONCELLO DE ALLARIZ	
Rosa María Pereira en representación de Teresa Barje Bello	CONCELLO DA BOLA	
Xan Jardón Pedras	CONCELLO DE VILAR DE SANTOS	

### ORDE DO DÍA

Entrégase aos asistentes documentación para seguir a asemblea, xunto coa acta da Asemblea Xeral do ano 2013

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Francisco García toma a palabra cando son as 19:49 h da tarde, os asistentes teñen na súa man a acta da Asemblea Xeral correspondente ao ano 2013 e procédese á súa votación. Apróbase por unanimidade.

2. Aprobación das contas do exercicio anterior, se procede. correspondente á anualidade 2013.

A xerente toma a palabra para facer un comentario pormenorizado das contas do grupo durante o ano 2013, os asistentes teñen o seguinte cadro explicativo dentro da documentación entregada para seguir a reunión. A xerente informa aos asistentes que na oficina do grupo está depositada a contabilidade completa oficial e que está á disposición de todos os socios que desexen consultala.

## Asociación Avinza GDR 15

Informe de gastos de funcionamento 2013

Anualidade 2013

### Gastos

	AVINZA GDR 15	FOGGA_A	FOGGA_B	JÓVENES RURALES	PLATAFORMA
Personal (Nóminas, seguros, IRPF)		46.736,83 €	7.381,29 €	1.661,16 €	5.307,28 €
Dietas e Axudas de custo		1.051,89 €	497,42 €	175,80 €	558,43 €
Suministros e material de oficina		421,92 €			
Outros gastos( gastos sede, correos, seguros)	805,17	4.316,53 €	900,00 €		
Rede Galega de GDR		500,00 €			
Gastos bancarios	175,971		4.347,60 €		
Facturas	981,14 €	53.027,17 €	13.126,31 €	1.836,96 €	5.865,71 €
<b>TOTAL GASTOS</b>				<b>74.837,29 €</b>	

### Ingresos

	AVINZA GDR 15	FOGGA_A	FOGGA_B	JÓVENES RURALES	PLATAFORMA
	1.000,00 €	53.027,17 €	12.827,24 €	1.834,47 €	5.865,71 €
	+18,86 €	0,00 €	- 299,07 €	- 2,49 €	- €

**TOTAL INGRESOS**

**74.554,59 €**

**Balance 2013 (31/12/2013)**

**-282,70 €**

#### Saldos a 31/12/2012

Banesto Crédito Agrobanesto Financiación	-29.910,16 €
Banesto Conta Corrente	21.561,23 €
Caixa Grupo (efectivo)	1,30 €

Lévase a cabo a votación das contas do grupo que son aprobadas por unanimidade.

### 3. Información sobre proxectos presentados e aprobados até xuño de 2014.

Dentro tamén da documentación entregada aos asistentes preséntase o cadro orzamentario por medidas que se ten aprobado por AGADER para as anualidades 2014/2015. Informa a xerente de que o reflectido neste cadro e o orzamento co que conta o grupo nas dúas vindeiras

anualidades ampliadas da campaña LEADER. Tamén informa de que o prazo de presentación de solicitudes está aberto ata marzo do ano 2015.

A continuación faise un percorrido polos proxectos aprobados en 2014, indicando o presidente que as partidas orzamentarias estanse comprometendo completas, sinal de que existe necesidade dos fondos.

A xerente fai fincapé na necesidade de que os proxectos se leven a cabo e se cumplan os prazos, pois se un empresario non completa o procedemento os cartos asignados a ese proxecto pérdense.

**LISTAXE DE PROXECTOS APROBADOS NO 2014 pendentes de certificación a 30 de setembro de 2014**

Concello	Expediente	Promotor/a	Título	Orzamento aprobado	% xustificación 2014	% Axuda	Importe	Importe a
Allariz	L11-41300-15-0033	D'auga SL	Consultoría Medioambiental	426000,0	100%	24,0%	102240,00	102240,00
Maceda	L12-41100-15-0050	Javier Cristobo	Polos Campeiros	51395,00	100%	36,6%	188105,70	188105,70
Allariz	L12-41100-15-0038	Lois Gonzalez	Explotacións de bois	29500,0	100%	39,0%	11505,00	11505,00
Baños de Molgas	L13-41300-15-0056	Pablo Blanco	Oficina Forestal, Betula	4595,04	100%	36,6%	1681,78	1681,78
Allariz	L12-41300-15-0046	Concello de Allariz	Escavación arqueolóxica da Platarforma da Atalaia	11149,6	100%	38,3%	4266,95	4266,95
Allariz	L13-41300-15-0059	Adrain Teijeiro	Empresa de Servizos agrarios	7800,0	100%	30,0%	2340,00	2340,00
Vilar de Santos	L13-41300-19-0061	Maria Rosa Rodriguez	Modernización de explotación de patacas	155005,8	70%	43,0%	63904,26	44732,98
<b>TOTAL COMPROMETIDO</b>							<b>374043,70</b>	<b>354.872,42</b>

A continuación a xerente indica que poucos días antes da celebración da Asemblea Xeral chegou dende AGADER o visto bo do proxecto de Fío de Liño, unha tapería instalada en Allariz. Polo tanto procédese á votación para a selección do proxecto que é por unanimidade.

<b>Título:</b>	Tapería Fío de Liño
<b>Nº expediente:</b>	L13-41300-15-0058
<b>Promotora:</b>	Fío de Liño SL
<b>Orzamento aceptado:</b>	23.838,22
<b>% Axuda</b>	35%
<b>Importe da axuda</b>	8438,73 €
<b>Concello</b>	Allariz

#### 4. Memoria do ano 2013 e programa actividades de 2014.

Faise un pequeno percorrido polas actividades que se teñen desenvolvido durante o ano 2013: **Xornadas de Despoboamento Rural**, participación no **Festival La Primavera** en Corcoué sur Logne, colaboracións co **Foro La Región**, reunión co **GDR Corane** de Tras os Montes, **Intercambio con Finlandia** dentro do proxecto JÓVENES RURALES, visita a Nantes de agricultoras do territorio e a realización dunha curtametraxe, "**Polas bravas**", do que se procurará difusión perante este ano. Tamén se falou do proxecto de cooperación **Geopueblos**, a plataforma de xeolocalización de patrimonio e servizos da zona.

O presidente pediu colaboración dos asistentes para a súa implementación e mellora.

Dentro das actividades programadas para o 2014 está convocado un concurso Fotográfico e de Curtas para o que a xerente pregou divulgación aos membros das asociacións e tamén aos alcaldes asistentes nos seus concellos. Realizouse un reparto de folletos e carteis para a súa difusión.

Falouse así mesmo dos intercambios comezados durante o 2013, neste 2014 visitaron o territorio as agricultoras francesas que recibiran ás galegas e as mozas participantes no intercambio de JÓVENES RURALES recibiron aos participantes finlandeses en Madrid.

Durante os vindeiros meses tamén está prevista a organización dun curso personalizado de hostelería dentro do proxecto de cooperación GEOPUEBLOS.

#### 5. Rogos e preguntas.

Non habendo rogos ou preguntas pechouse a sesión ás 20:25.

Allariz 17 de xullo de 2014

Francisco García Suárez  
Presidente

Francisco Xabier Oviedo Rodríguez  
Secretario